

Acceso Libre á Universidade!

Nin Límite de Prazas Nin Selectividade!

Dos múltiples problemas e erros que presenta o actual sistema educativo, baseado na simple adquisición de datos que logo verques nun papel en forma de exame sen realmente afondar no coñecemento das materias que cursas, podemos salientar como un dos más graves o da Proba de Acceso á Universidade más coñecida como Selectividade.

A selectividade é unha proba absolutamente vergoñenta, tanto para o estudiante como para o sistema educativo xa que a necesidade de ter que superar un exame presupon que este sistema non garante a aptitude dos estudiantes que superaran o Bacharelato, logo admite o seu fracaso e bota nas costas dos estudiantes a súa propia incapacidade.

Outro dos atrancos importantes é o Límite de Prazas dalgunhas titulacións. Moitos estudiantes non poden acceder á carreira que queren e isto sen dúbida é a principal causa de abandono nas Universidades, o que é aínda mais grave sabendo que hoxe poden soportar a nivel económico e infraestrutural que todo aquel que queira cursar unha titulación poida facelo sen negún atranco.